



DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA

Servizo de Acción Social, Cultural e Deportes
Sección de Educación, Cultura e Deportes
Expediente: 202000008090

RESOLUCIÓN Nº 29192 DO 29/09/2020 POLA QUE SE APROBA A CONCESIÓN DEFINITIVA DAS BOLSAS PARA PERFECCIONAMENTO DE ESTUDOS ARTÍSTICOS 2020-ÁREA DE AUDIOVISUAIS

Don **Valentín González Formoso**, Presidente da Deputación Provincial da Coruña,

Por resolución da presidencia n.º 26277 do 04 de setembro de 2020, aprobouse a adxudicación provisional das Bolsas para perfeccionamento de estudos artísticos 2020-Área de audiovisuais e concedeuse un prazo de 10 días para comunicar, se fora o caso, a desistencia da solicitude, presentar alegacións ou emenda de erros.

Visto que no dito prazo non se presentaron desistencias, alegacións ou emendas.

Vistos os informes dos servizos de Acción Social, Cultural e Deportes e de Fiscalización

RESOLVO:

1.- Conceder definitivamente as bolsas ás seguintes persoas:

Titular da bolsa: LORENZO LOUREIRO, JUAN

NIF:***8601**

Expediente: 2020000025005

Obxecto da bolsa: Taller de cinema con José Luis Guerín na Escola de Artes Visuais (Madrid) e Master de Cine Alternativo na Escola Internacional de Cine e TV (Cuba) .

Importe da bolsa: 9.000 €

Titular da bolsa: MARTÍNEZ NÚÑEZ, ALICIA

NIF: ***2615**

Expediente: 2020000020134

Obxecto da bolsa:Taller de dirección de arte e Taller de iluminación e continuidade da luz (A Habana); Diplomado en dirección de arte e ambientación (Bogotá); Prácticas videográficas feministas (México); Son e imaxe desde o espello e Arte pedagogía e aprendizaxe comunitaria (Barcelona)

Importe da bolsa: 9.000 €

2.- Dispor o gasto das bolsas concedidas con cargo á aplicación 0612/3262/481, fase A, operación nº 220200018498, por importe total de 18.000 €

3.- Nomear suplentes ás seguintes persoas, pola orde que se indica:

Suplente 1: Andrada Gómez, Ángela María

Suplente 2: Sanjurjo García, Andrés

Suplente 3: Corredoira Alonso, Juan Francisco

4.- Publicar a presente resolución definitiva na web da Deputación Provincial da Coruña, co que se entenderá notificada ás persoas interesadas, de acordo co establecido no art.45 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, pódese interpor alternativamente recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes perante o mesmo órgano que ditou o acto, ou recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso Administrativo da Coruña ou daquel no que teña o seu domicilio o recorrente, á súa elección, no prazo de dous meses, a partir do día seguinte a aquel no que teña lugar a notificación. Se se optara por interpor o recurso de reposición potestativo non se poderá interpor recurso contencioso administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio.

Todo isto, sen prexuízo de que se exercite calquera outro recurso que se estime pertinente.